

Nesta actividade o alumno ha de seleccionar as celas que cumpran unha determinada condición, ben sexa "seguindo un camiño" (labirinto como nas imaxes) ou simplemente seleccionando as celas sen seguir unha determinada orde.

**Try to find the exit by clicking the stative verbs in this maze. The first one is done for you:**

Agree	Jump	Study	Write	Take	Eat	Walk
Like	Promise	Want	Learn	Grow	Sleep	Talk
Read	Listen	Believe	Hear	Work	Say	Cook
Watch	Type	Sing	Wish	Pay	Come	Make
Clap	Help	Own	Taste	Break	Smile	Feed
Buy	Kiss	Cost	Live	Smell	Belong	Understand
Build	Ride	Hate	Need	Involve	Send	Realize

ATTEMPTS: 0/4

POINTS: 0/16

No caso da dereita seguiu-se un camiño dende a primeira cela "Agree" ata atopar o final "Realize".

**Pestana actividade:**

1. - Faga clic na cela desexada para introducir datos (a cela seleccionada aparece con fondo laranxa). Teña en conta que, se na cela se mostra un número, se está a indicar que esa é unha cela correcta e o número indica a posición que ocupa esa cela no "camiño a seguir". A "X" indica que nesa cela hai algún dato pero que non é o correcto.

2. - Aquí introducimos os valores para cada cela, pode introducir texto e/ou imaxe. Marque a casa de "correcto" se a cela que está a introducir é unha das correctas e, neste caso, introduza o "número de orde" que terá no "camiño". Recorde sempre pulsar sobre o botón verde para gravar.

3. - Neste apartado configuraremos o tamaño que van ter as celas, no caso de haber imaxes estas reduciranse tamén a este tamaño. Pode indicar aquí tamén a fonte e o seu tamaño así como o fondo que terá cada unha das celas (liso, degradado lineal ou degradado circular). Na última liña de datos pode determinar o aspecto do bordo, primeiro de todas as celas e no segundo o das celas xa seleccionadas. Nesta mesma liña pode configurar a curvatura dos vértices de cada cela así como indicar se as celas terán ou non sombra.

**Try to find the exit by clicking the stative verbs in this maze. The first one is done for you:**

Agree	Jump	Study	Write	Take	Eat	Walk
Like	Promise	Want	Learn	Grow	Sleep	Talk
Read	Listen	Believe	Hear	Work	Say	Cook
Watch	Type	Sing	Wish	Pay	Come	Make
Clap	Help	Own	Taste	Break	Smile	Feed
Buy	Kiss	Cost	Live	Smell	Belong	Understand
Build	Ride	Hate	Need	Involve	Send	Realize

ATTEMPTS: 1/4

POINTS: 14/16

4. - Na orde de resposta determinará se a actividade debe de ser resolta seleccionando as celas na orde indicada á hora de introducilas ou se pode ser resolto de forma aleatoria, onde solo haberá que facer clic sobre as que son correctas sen a necesidade de seguir orde ningún.

5. - Esta opción permítelle indicar se a actividade se iniciará coas celas de inicio e/ou fin xa seleccionadas.